



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
**Colexio de Educación Infantil e Primaria de Belesar**  
Estivada, 46. BELESAR – 36307 BAIONA (Pontevedra)



Queridas familias,

Comezou o prazo para solicitar a participación no FONDO SOLIDARIO de libros de texto e a AXUDA PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR segundo regula a ORDE do 29 de abril de 2022 publicada o mércores 19 de maio no DOG.

No caso de estar interesados a solicitude deberá ser entregada no centro antes do 19 de xuño (ben sexa de forma presencial ou telemática) xunto coa documentación que abaixo achegamos. **O alumnado de 6º de primaria deberá entregar a solicitude cuberta no instituto no que foi admitido.**

Tamén vos axuntamos un cadro con datas importantes neste proceso.

**IMPORTANTE: as colicitudes poden ser entregadas de xeito telemático a través da aplicación FONDOLIBROS, enviala a través dos nenos/as ou, no caso de ter que acudir ao centro de forma presencial, os horarios de atención serán os seguintes:**

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09.00-09.30	09.00-09.30	09.00-10.30	10.30-11.15	09.00-09.30
13.00-13.50	13.00-13.50	13.00-13.50	13.00-13.50	13.00-13.50

## DATAS IMPORTANTES

Entrega de solicitudes	Ata o luns 17 de xuño
<b>Publicación de listaxe provisional (2 días para facer reclamacións)</b>	<b>Xoves 23 de xuño</b>
Publicación de solicitudes excluídas (2 días para facer reclamacións)	Xoves 23 de xuño
<b>Publicación de listaxe definitiva</b>	<b>Luns 27 de xuño</b>

## DOCUMENTACIÓN NECESARIA (ORDE 29 de abril)

1. As persoas interesadas deberán achegar coa **solicitude** (anexo I) a seguinte documentación:

a) **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

b) Se o solicitante posúe DNI ou NIE:

▪ Copia do **libro de familia** ou equivalente onde figuren todos os membros computables.

▪ En caso de separación ou divorcio, ademais deberan achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado nas opcións anteriores, achegarse un certificado ou volante de convivencia no que deberan figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

c) **Certificado do grao de discapacidade** do/a alumno/a ou calquera membro da familiar recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia